
PROPOSTAS DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA A XUNTA DE PORTAVOCES DO 16 DE MARZO DE 2020 REFERIDAS Á CRISE DO CORONAVIRUS

Diante da crise do coronavirus COVID-19, o grupo municipal de Compostela Aberta no Concello de Santiago reitérase no apoio mostrado ao Goberno local e ofrece a súa colaboración e disposición a acordar as medidas precisas para ser o máis efectivos posible no combate á pandemia e para a súa posterior xestión. Unha lealdade e colaboración que se traduce nunha facilitación das modificacións orzamentarias, se fosen necesarias, destinadas a combater a actual emerxencia sanitaria e a previsible posterior crise social e económica.

Desde Compostela Aberta, enmarcamos esta colaboración baixo a premisa de que agora é o momento de colocar o público como elemento de cohesión social e de protección para as persoas máis desfavorecidas. Para isto, consideramos que é tamén unha tarefa do Concello reforzar os dereitos sociais, os cuidados e a seguridade no emprego dentro do seu marco competencial.

Ao tempo que reclamamos unha acción municipal que complete e coopere co resto de administracións, saudamos as diferentes iniciativas que desde a sociedade civil están a tecer unha rede de solidariedade para superar cooperativamente esta crise.

As medidas concretas que propomos son:

- **Medidas inmediatas** para combater a emerxencia sanitaria, que se sumarían ás xa adoptadas polo Concello, e ás que Compostela Aberta mostra o seu apoio:
 - Reforzo dos servizos sociais municipais e de atención á cidadanía. Especial atención ao Centro de Información á Muller, CIM, para garantir a atención e mesmo ampliar o acompañamento ás mulleres que sofren violencias e que se atopan nunha situación de maior vulnerabilidade por mor da actual situación de confinamento.
 - Establecemento de fórmulas que garantan a seguridade laboral de todas e todos os traballadores das concesionarias municipais, reforzando especialmente o control das contratas para garantir os empregos.
 - Reforzo dos traballos de apoio á cidadanía a través de persoas empregadas municipais, das empresas públicas e das contratas
 - Gratuidade da zona ORA, para facilitar o estacionamento naquelas zonas residenciais onde non existen alternativas para residentes.

- Colaboración municipal coas redes de solidariedade que están a nacer na cidade.
 - Especial atención ás parroquias do rural de Compostela, para poder axustar todas as medidas anteriores á súa realidade, tendo en conta as particularidades que se poden producir en canto ao abastecemento de determinadas aldeas e dos seus residentes, fundamentalmente persoas maiores con limitacións para a súa mobilidade.
 - Mesa municipal e social galega. Instar ao Goberno galego a cooperar cos concellos e os representantes sociais de todo o tecido que traballa no ámbito dos dereitos sociais, para combater a emerxencia sanitaria e social.
 - Convocatoria dunha mesa de diálogo con representantes das centrais sindicais e do tecido empresarial e comercial da cidade para abordar a situación laboral derivada desta crise.
- **Plan de rescate social:** instamos ao Goberno municipal a colaborar e deseñar en común unha planificación que garanta os dereitos sociais para toda a cidadanía e en todo o termo municipal, con especial atención aos:
 - Servizos sociais, especialmente á asistencia no fogar e a renda de garantía básica.
 - Activación para o próximo curso da renda de garantía infantil.
 - Coidados das persoas maiores.
 - Atención ás persoas sen fogar
 - Planificación dunha programación cultural especial que tente paliar as cancelacións xa producidas. Garantir a realización dos contratos que están en suspenso, e procurar fórmulas de potenciación do sector cando finalice a actual situación de emerxencia.
 - Nova planificación da estratexia turística para a cidade con especial atención ao ano 2021.
 - **Reactivación do Plan de (re)industrialización:** como medida a medio-longo prazo cómpre traballar na menor dependencia da nosa economía do sector terciario, nomeadamente do turismo, e, en colaboración coa *Mesa pola reindustrialización de Santiago* e cos diferentes axentes económicos da nosa cidade dotar economicamente o Plan de (re)industrialización con medidas de aceleración concretas e orzadas..

É o tempo da solidariedade, de preservar o traballo, de coidarnos e de coidar aos máis febles, da cooperación entre institucións e entre todas as formacións políticas democráticas, e de continuar no acompañamento, sempre, das orientacións das autoridades sanitarias e a comunidade científica.

Superaremos este momento unidas.